

- 2.<sup>a</sup> Pedagogía.
- 3.<sup>a</sup> Psicoloxía evolutiva e da educación.

b) Constitúen o módulo de coreografía e técnicas de interpretación da danza as seguintes materias:

- 1.<sup>a</sup> Linguaxe escénica e dramaturxia.
- 2.<sup>a</sup> Coreografía.
- 3.<sup>a</sup> Produción e xestión cultural.

3. Os alumnos elixirán un módulo de formación e deberán cursar, de cada materia, polo menos unha disciplina das que se oferten no conservatorio superior de danza en que se realice o dito módulo, ata completar un mínimo de 135 horas de formación. ao termo do curso outorgarase a cualificación de «apto» ou «non apto» en cada materia, segundo proceda.

4. Para a superación do módulo, cada alumno disporá dun máximo de catro convocatorias, correspondentes a dous cursos académicos. Considerarase que un alumno superou o módulo cando cumprise as horas mínimas de formación e aprobase todas as disciplinas elixidas e cursadas. A superación de calquera disciplina terá validez en seguintes convocatorias. A aprobación do módulo dará dereito á expedición do título superior de danza a que se refire o artigo 1.

5. As administracións educativas das comunidades autónomas poderán ditar as instrucións que sexan precisas para a organización das ensinanzas dos módulos de formación complementaria.

#### Artigo 4. *Calendario para a realización dos módulos de formación.*

Os módulos de formación complementaria poderán ser cursados nos sete anos seguintes á publicación, polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, da orde de desenvolvemento deste real decreto.

#### Artigo 5. *Comisión de valoración.*

O ministro de Educación, Cultura e Deporte nomeará unha comisión encargada de estudar e avaliar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos a que se refire o artigo 2.

#### Artigo 6. *Recoñecemento da equivalencia.*

Os que cumpran os requisitos mencionados no artigo 2 obterán do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte o recoñecemento da equivalencia dos seus estudos cos superiores de danza, para os únicos efectos de cursar os complementos de formación a que se refire o artigo 3 deste real decreto para obter o título superior de danza establecido no artigo 42.3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, do ordenación xeral do sistema educativo, na especialidade correspondente.

#### Artigo 7. *Procedemento para o recoñecemento da equivalencia.*

Por orde do ministro de Educación, Cultura e Deporte establecerase o procedemento para o recoñecemento da equivalencia.

#### Artigo 8. *Procedemento de expedición de títulos.*

1. Para a expedición do título superior de danza é de aplicación o Real decreto 733/1995, do 5 de maio, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, do ordenación xeral do sistema educativo.

2. A denominación da especialidade que constará no título que obteñan os interesados será coincidente coa do módulo de formación complementaria realizado.

3. Os interesados poderán obter por este procedemento o título superior de danza exclusivamente por unha especialidade.

Disposición transitoria única. *Equivalencias en virtude de normas anteriores.*

Seguen vixentes nos seus propios termos as equivalencias dos estudos de danza anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, do ordenación xeral do sistema educativo, cos establecidos nela nos reais decretos 986/1991, do 14 de xuño, 600/1999, do 16 de abril, e 706/2002, do 19 de xullo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto, que se dita ao abeiro do previsto no artigo 149.1.1.<sup>a</sup> e 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución española e na disposición adicional primeira.2.c) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, é de aplicación en todo o Estado.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento.*

Correspóndelle ao ministro de Educación, Cultura e Deporte ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento do establecido neste real decreto, e aos órganos competentes das comunidades autónomas ditar as instrucións precisas para a execución do establecido nos artigos 3.5 e 8.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de xaneiro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,

PILAR DEL CASTILLO VERA

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**2654** *REAL DECRETO 219/2004, do 6 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1326/1995, do 28 de xullo, polo que se regula a etiquetaxe enerxética de frigoríficos, conxeladores e aparellos combinados electrodomésticos.* («BOE» 38, do 13-2-2004.)

A Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, establece no seu artigo 2.1 como dereitos básicos dos consumidores e usuarios a protección dos seus lexítimos intereses económicos, así como a información correcta sobre os diferentes servizos, para facilitar o coñecemento sobre o seu adecuado uso e aproveitamento.

O referido dereito á información dos consumidores e usuarios foi desenvolvido na nosa lexislación mediante diversas disposicións, entre outras, o Real decreto 1468/1988, do 2 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos industriais destinados á súa venda directa aos consumidores e usuarios.

Por outra parte, o Real decreto 124/1994, do 28 de xaneiro, polo que se regula a etiquetaxe e a información

referente ao consumo de enerxía e doutros recursos dos aparellos de uso doméstico, adaptou a normativa española ao establecido na Directiva 92/75/CEE do Consello, do 22 de setembro de 1992, que buscaba, entre outros obxectivos, homoxeneizar o sistema de información referente ao consumo de enerxía e doutros recursos esenciais que poidan figurar na etiquetaxe dos aparellos de uso doméstico.

A citada directiva articulouse como norma marco doutras posteriores que terían que lle dar efectividade concreta. De conformidade con iso, a Comisión Europea estableceu as disposicións de aplicación correspondentes no que respecta á etiquetaxe enerxética de frigoríficos, conxeladores e aparellos combinados electrodomésticos, mediante a Directiva 94/2/CE da Comisión, do 21 de xaneiro de 1994, cuxa transposición ao ordenamento xurídico interno se realizou a través do Real decreto 1326/1995, do 28 de xullo, polo que se regula a etiquetaxe enerxética de frigoríficos, conxeladores e aparellos combinados electrodomésticos.

Mediante a Directiva 2003/66/CE da Comisión, do 3 de xullo de 2003, de modificación da Directiva 94/2/CE do Consello, do 21 de xaneiro de 1994, pola que se establecen as disposicións de aplicación da Directiva 92/75/CEE do Consello, do 22 de setembro de 1992, no que respecta á etiquetaxe enerxética de frigoríficos, conxeladores e aparellos combinados electrodomésticos, a Comisión Europea, ao considerar que o efecto da indicación do rendemento enerxético por medio da etiquetaxe pode diminuír ou desaparecer se non se definen outras categorías de rendemento máis estritas e dado que a cota de mercado dos aparellos de categoría A aumenta con rapidez, introduciu dúas categorías adicionais A+ e A++ como solución provisional ata que se efectúe unha revisión global das categorías de etiquetaxe enerxética.

Este real decreto procede, en consecuencia, á incorporación da Directiva 2003/66/CE ao ordenamento xurídico interno.

Na tramitación deste real decreto deuse audiencia ao Consello de Consumidores e Usuarios e ás asociacións empresariais relacionadas co sector.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de febreiro de 2004,

## DISPÓÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1326/1995, do 28 de xullo, polo que se regula a etiquetaxe enerxética de frigoríficos, conxeladores e aparellos combinados electrodomésticos.*

O Real decreto 1326/1995, do 28 de xullo, polo que se regula a etiquetaxe enerxética de frigoríficos, conxeladores e aparellos combinados electrodomésticos, queda modificado como segue:

Un. O primeiro parágrafo do punto 2 do artigo 1 queda redactado nos seguintes termos:

«2. A información que este real decreto obriga a facilitar obterase por medio de medicións efectuadas de conformidade coas correspondentes normas UNE-EN cuxos números de referencia fosen publicados no "Boletín Oficial del Estado" ou no diario oficial da comunidade autónoma competente.»

Dous. O punto 3 do artigo queda redactado como segue:

«3. Os conceptos utilizados nesta norma correspóndense coas definicións contidas no artigo 1.3 do Real decreto 124/1994, do 28 de xaneiro, e normas concordantes.»

Tres. Engádesse un último parágrafo ao punto 4 do artigo 2 coa seguinte redacción:

«Cando a información relativa a unha combinación de modelos específica se obteña mediante cálculos baseados no deseño e/ou a extrapolación doutras combinacións, a documentación deberá incluír detalles deses cálculos e/ou extrapolacións, e dous ensaios realizados para comprobar a exactitude dos cálculos efectuados (detalles do modelo de cálculo utilizado para calcular o comportamento dos sistemas divididos, e das medidas adoptadas para comprobar o dito modelo).»

Catro. O punto 5 do artigo 2 queda redactado como segue:

«5. Cando a oferta de venda, arrendamento ou arrendamento con opción de compra dun aparello se faga mediante comunicación escrita ou impresa ou por calquera outro medio que implique que o cliente potencial non poida ver o aparello en cuestión, como ofertas escritas, catálogos de venda por correspondencia, anuncios na internet ou noutros medios electrónicos, a comunicación incluírá toda a información especificada no anexo III.»

Cinco. Os anexos I, II, e V modifícanse nos termos que figuran no anexo deste real decreto.

**Disposición transitoria única.** *Prórroga de comercialización.*

Ata o 31 de decembro de 2004 poderanse seguir comercializando os artigos incluídos no ámbito de aplicación da norma coas etiquetas, fichas de información e comunicacións vixentes ata a entrada en vigor deste real decreto.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de febreiro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno  
e ministro da Presidencia,  
JAVIER ARENAS BOCANEGRA

## ANEXO

1. O anexo I queda modificado como segue:  
Na rúbrica impresión engádesse o texto seguinte despois da ilustración:

«As letras que permitirán identificar os aparellos A+ e A++ deberanse axustar ás seguintes ilustracións e ir colocadas na mesma posición que a letra que identifica os aparellos de categoría A.

A+

A++



2. O anexo II quedará modificado como segue:

Un. O punto 4 substitúese polo texto seguinte:

«4. Clasificación do modelo pola súa eficiencia enerxética segundo se establece no anexo V, expresada como "Clase de eficiencia enerxética... nunha escala que abarca de A++ (maior eficiencia) a G (menor eficiencia)". Se esta información se presenta nun cadro, poderase expresar doutra forma sempre que se entenda claramente que a escala varía de A++ (maior eficiencia) a G (menor eficiencia).»

Dous. O punto 8 substituirase polo texto seguinte:

«8. Volume útil do compartimento de alimentos conxelados, e do compartimento refrixerador, se é o caso, de acordo cos estándares previstos no punto 2 do artigo 1: Omítase nas categorías 1, 2 e 3. Nos aparellos da clase 3, especifíquese o volume útil da "neveira".»

Tres. Engádesse o punto 15 que figura a continuación:

«15. Se o modelo está fabricado para ser encastrado, así deberá indicarse.»

3. No anexo V, tras o título «Clase de eficiencia enerxética», inserirase o seguinte texto:

«Parte 1: definición das clases A+ e A++.  
Pertencerán ás categorías A+ ou A++ os aparellos cuxo índice de eficiencia enerxética alfa ( $I\alpha$ ) se sitúe entre os valores indicados no cadro 1.

CADRO 1

Índice de eficiencia enerxética $\alpha$ ( $I\alpha$ )	Categoría de eficiencia enerxética
$30 > I\alpha$	A++
$42 > I\alpha \geq 30$	A+
$I\alpha \geq 42$	A-G (véxase máis adiante)

No cadro 1:

$$I\alpha = \frac{AC}{SC\alpha} 100$$

onde:

AC = consumo de enerxía anual do aparello (de conformidade coa nota V do anexo I).

SC $\alpha$  = consumo de enerxía anual normalizado  $\alpha$  do aparello.

SC $\alpha$  = calcularase do seguinte modo:

$$M\alpha \times \sum_{\text{Compartimentos}} \left[ Vc \times \frac{(25 - Tc)}{20} \times FF \times CC \times BI \right] + N\alpha + CH$$

onde:

Vc é o volume neto (en litros) do compartimento (de conformidade coas normas mencionadas no punto 2 do artigo 1).

Tc é a temperatura nominal do compartimento (en °C).

Os valores de M $\alpha$  e N $\alpha$  indícanse no cadro 2; os valores de FF, CC, BI e CH indícanse no cadro 3.

CADRO 2

Tipo de aparello	Temperatura do compartimento máis frío	M $\alpha$	N $\alpha$
1. Frigorífico sen compartimento de baixa temperatura.	>-6 °C	0,233	245
2. Frigorífico adegá.	>-6 °C	0,233	245
3. Frigorífico sen estrelas.	>-6 °C	0,233	245
4. Frigorífico *.	≤-6 °C *	0,643	191
5. Frigorífico **.	≤-12 °C **	0,450	245
6. Frigorífico ***/.	≤-18 °C ***/*(***)	0,777	303
7. Frigorífico-conxelador * (***)	≤-18 °C ***/*(***)	0,777	303
8. Conxelador vertical.	≤-18 °C *(***)	0,539	315
9. Conxelador tipo arca.	≤-18 °C *(***)	0,472	286
10. Multiportas e outros.		(1)	(1)

(1) Nestes aparellos os valores de M e N son determinados pola temperatura e polo número de estrelas do compartimento en que a temperatura é inferior. Os aparellos con compartimentos -18 °C \*(\*\*\*) serán considerados como frigoríficos-conxeladores \*(\*\*\*)

CADRO 3

Factor de corrección	Valor	Condición
FF (sen capa de xeo).	1,2	Para os compartimentos sen capa de xeo (ventilados) destinados a alimentos conxelados.
	1	Demais casos.
CC (clase climática).	1,2	Para aparellos «tropicais».
	1,1	Para aparellos «subtropicais».
	1	Demais casos.
BI (encastrado).	1,2	Para aparellos encastrados (1) cuxo largo sexa inferior a 58 cm.
	1	Demais casos.
CH (compartimento refrixerador).	50 KWH/y	Para aparellos dotados dun compartimento refrixerador de, polo menos, 15 litros.
	0	Demais casos.

(1) Só se considerarán como aparellos «encastrados» os que fosen deseñados exclusivamente para a súa instalación no interior dunha cavidade dunha cociña, necesiten elementos de acabado e fosen sometidos a proba como tales.

Os aparellos non pertencentes ás categorías A+ ou A++ clasificaranse conforme os disposto na parte 2.

Parte 2: definición das clases A a G.

...».